



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Edificio Advo. San Caetano, s/n - bloque 5 - 3ª planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Estimado comerciante:

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo está a desenvolver, durante o presente curso académico 2016/2017, a campaña “Comercio con talento”.

O obxecto da campaña é potenciar a innovación no comercio, así como impulsar o emprendemento en materia de comercio entre os xoves, en especial entre aqueles que están recibindo unha formación específica na materia nos diferentes centros de formación profesional.

No marco desta campaña estase a realizar un concurso, no que participan os alumnos do ciclo formativo de Formación Profesional básica de Servizos Comerciais, do ciclo formativo de Grao medio de Actividades comerciais, e dos ciclos formativos de Grao superior de Xestión de vendas e espazos comerciais, Comercio internacional, Transporte e loxística, e Márketing e publicidade, que realizarán unha búsqueda pola súa comarca dun “comercio con talento”, de acordo cuns criterios que terán en conta o espazo físico do establecemento, a xestión, o produto, a atención ao cliente, etc.

Os participantes terán que presentar un proxecto que incluíra un reportaxe gráfico, polo que solicitamos a súa colaboración facilitándolles a información que poidan precisar, e outorgando a súa autorización para a realización e difusión das fotografías que realicen no seu establecemento comercial.

Serán obxecto de divulgación e publicidade os establecementos comerciais que, como consecuencia da campaña “Comercio con talento”, resulten seleccionados gañadores.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo

